

# **III RUTA TURÍSTICO-SOLIDARIA DE FERROLTERRA**

## **NORMATIVA**

**Nota: Nesta edición múdase o tipo de evento, non sendo unha proba de regularidade, senón unha proba de estratexia e orientación.**

- Para participar será preciso confirmar a reserva de praza no teléfono 676726260 (Édgar ou Fátima) antes do xoves 27/12 ás 18:00 horas.
- O evento terá unha duración de 4 horas, tomando a saída cada coche de minuto en minuto dende as 10:00 horas da mañá.
- Ao remate, realizarase unha comida que precederá a entrega de galardóns aos gañadores, consistente nun cocido galego, coa súa sopa inicial e postre, café e chupito.
- Os dereitos de participación, fíxanse en 15€ para os socios e colaboradores de Scratch Galicia ou Scratch Fene e 18€ para os non socios. Estes dereitos son por persoa participante e non por vehículo. Ningunha praza será reservada sen a realización do pago dos dereitos.
- En cada vehículo, poderán participar o número de persoas que cada un estime convinte. Poderá ir dende un so participante nun vehículo ate o número máximo de persoas permitido para o vehículo a empregar.
- **É condición indispensable, para poder participar, a entrega dun mínimo de 5 quilogramos de alimentos non perecedeiros por persoa participante. Esta comida será doada integramente para a Cociña Económica de Ferrol.**
- Para participar é imprescindible contar cunha cámara de fotos dixital ou teléfono con cámara dixital de calidade.
- Tódolos participantes reuniranse ás 9:30 horas do domingo 30 de decembro de 2012 nas instalacións de O Pote de Maniños, en Fene, xunto á sede da Escudería Scratch Fene na que se realizará a entrega de documentación e se indicará a hora de saída de cada participante.
- A partires das 9:45 horas, cada vehículo recibirá a documentación precisa para poder participar. Esta documentación entregarase de minuto en minuto dacordo coa hora de saída de cada vehículo: ás 9:45, entregaráselle ao participante que saia ás 10:00, ás 9:46 ao que saia ás 10:01 e así sucesivamente. A documentación consistirá en:
  - o Plano da comarca en tamaño DIN A3, coa indicación de diversos puntos de interese turística con números e en diferentes cores.
  - o Lenda có significado das distintas cores, indicando a puntuación que se recibirá por cada fotografía, en función das mesmas.

- Dossier explicativo do lugar exacto indicado no plano e no que será preciso realizala fotografía para obter a puntuación.
  - Peto da Escudería Scratch Fene có que será preciso sair na fotografía.
- Unha vez có plano no seu poder, cada equipo terá que decidir os distintos lugares a visitar, xa que será imposible ir a todos. É moi importante empregar os primeiros 15 minutos para realizar unha boa planificación da ruta, en función das distintas puntuacións de cada foto, xa que o vencedor será o equipo que máis puntos obteña en función das puntuacións indicadas no plano e non o que faga máis fotos.
  - Ás 14:00 horas, terá que chegar á destino o primeiro dos equipos participantes, sendo penalizado coa eliminación da foto de maior puntuación, por cada minuto de retraso, é dicir, se chega 2 minutos tarde, perderá a puntuación das 2 fotos con máis puntos, se chega 3 minutos tarde, perderá a puntuación das 3 fotos con máis puntos e así sucesivamente. Ás 14:01, terá que facer a súa chegada o que saíu ás 10:01, ás 14:02 o que saíu ás 10:02 e así sucesivamente.
  - Este evento é lúdico e non é unha proba deportiva nin ten un rutómetro predeterminado, sendo a responsabilidade única e exclusiva de cada un dos participantes para a elección da ruta a seguir.
  - É responsabilidade única e exclusiva dos participantes, cumprir co estipulado no regulamento de circulación, sendo eles os únicos responsables da súa actuación na vía pública.
  - Os vehículos non levarán ningún tipo de identificación.
  - Ós participantes que decidan participar en solitario, realizaranlle as fotografías aos petos pousados nos lugares indicados. Os participantes que o fagan en grupo, sairá algún deles na fotografía có peto posto.
  - Este evento o único que pretende é dar a coñecer as maravillas da comarca de Ferrolterra dun xeito diferente, nun ambiente festivo e que sirva para obter a meirande cantidade de axuda posible para a Cociña Económica de Ferrol. Non vos apuredes e defrutade de cada instante en cada lugar que atopedes.